

SEXENIOS 2024


Fontes de información para a valoración das aportacións

Ana Martínez Piñeiro

Sección de Soporte á Aprendizaxe e á Investigación


10 de xaneiro de 2025

Obxectivos




Coñecer que fontes de información podemos empregar para localizar indicios de calidade das publicacións, para achegar na solicitude de avaliación da actividade investigadora da Aneca 2024

Programa




- Sexenios 2024: novedades e baremo
- Impacto científico
- Impacto social
- Contribución á ciencia aberta
- Exemplos

Programa




- **Sexenios 2024: novidades e baremo**
- Impacto científico
- Impacto social
- Contribución á ciencia aberta
- Exemplos

Sexenios 2024: novidades e baremo



- Desde 2023 pódense presentar menos aportacións en determinadas situacións no período avaliado: permisos de maternidade/paternidade, excendencias por coidado de familiares, violencia de xénero, violencia terrorista e baixas médicas prolongadas.


Sexenios 2024: novidades e baremo



- Desde 2023 acéptanse as publicacións desde que son aceptadas e están dispoñibles en liña, publicadas cun identificador persistente aínda que non estean na versión en papel ou con paxinación definitiva.
- Desde 2023 existe un campo 0: inter e multidisciplinar
- Non indica que haxa que proporcionar textos completos das obras que non están en acceso aberto, pero o comité poderá solicialas


Sexenios 2024: novidades e baremo

- Desde 2023, a avaliación adáptase ao novo contexto europeo (Coara):
 - Avaliación da actividade investigadora no seu conxunto
 - Valoración de todos os tipos de aportacións
 - Valoración das publicacións concretas por riba das revistas ou editoriais nas que se publica




Sexenios 2024: novidades e baremo

- Desde 2023, a avaliación adáptase ao novo contexto europeo (Coara):
 - Valoración da participación na ciencia aberta
 - Valoración da interdisciplinariedade e multidisciplinariedade: campo específico
 - Valoración de indicadores bibliométricos en contexto e normalizados
 - Valoración do impacto social




Sexenios 2024: novidades e baremo




- Está publicado o [documento de criterios](#) e o [baremo](#) establecido para todos os comités.
- Non vai haber baremos específicos para cada comité, como houbo o ano pasado, senón que ese baremo publicado vai ser o único que poidan aplicar os comités.

Sexenios 2024: novidades e baremo



- Nese baremo aparece un apartado sobre penalizacións que cómpre ter en conta:
 - reiteración de publicación
 - conflitos de interese na publicación
 - malas prácticas de publicación
 - procesos de revisión non contrastada
 - coautoría insuficientemente xustificada


Sexenios 2024: novidades e baremo



Elementos que se valoran en cada publicación:

- Contribución ao progreso do coñecemento na área (10%)
- Impacto científico (60%)
- Impacto social (10%)
- Contribución á ciencia aberta (10%)
- Aportación preferente (10%). Compróbase na resolución da CNEAI dos criterios.


Programa



- Sexenios 2024: novedades e baremo
- **Impacto científico**
- Impacto social
- Contribución á ciencia aberta
- Exemplos

Impacto científico

- Uso da aportación
- Citas recibidas pola aportación
- Calidade do medio (revista, editorial)
- Impacto científico do medio (revista, editorial)
- Outros indicios: vinculación da aportación con proxectos, teses, estancias, premios, traducións...



Impacto científico


Uso da aportación: lecturas, descargas

- Na propia editorial
- Repositorios: [Investigo](#) e outros
- Bases de datos: WOS, Scopus
- Infraestruturas dixitais académicas (redes sociais académicas: Researchgate, Academia)

Contexto de uso e lectura (países de consulta, cidades de consulta, institucións...)

Impacto científico

Citas recibidas (sen autocitas da persoa solicitante) e indicador de citación normalizado:



WOS: citas sen autocitas, CNCI e percentil


Scopus: citas sen autocitas, FWCI e percentil

Dialnet: citas, impacto normalizado e percentil

Dimensions: citas e FCR/RCR

Impacto científico

Citas recibidas (sen autocitas da persoa solicitante) e indicador de citación normalizado:



A eliminación das autocitas faise manualmente, descartando as citas procedentes da persoa solicitante mediante os filtros (agás Dialnet, que non ofrece filtros e cómpre revisalas unha a unha).

Citas en WOS e Scopus tamén de publicacións non indexadas

Impacto científico

Citación normalizada

0 1 indica a media de citas recibidas polos documentos similares do mesmo ámbito e ano de publicación. Todo o que sexa superior, está por riba da media. Todo o inferior, por debaixo.

Exemplo: WOS → CNCI 1,23

Esta publicación ten un 23% máis de citas que a media.


Impacto científico

Citación normalizada

Exemplo: Scopus → FWCI 0,95

Esta publicación ten un 5% menos de citas que a media.

Non necesariamente é un dato negativo: podemos complementalo con contexto de citación.




Impacto científico

Percentil de citación

É a porcentaxe de documentos do mesmo tipo, ano e ámbito temático, que teñen menos citas que a aportación.

Exemplo: Percentil 60

Indica que o 60% dos documentos similares obtiveron menos citas nesta fonte, e polo tanto está no 40% máis citado.



Impacto científico

Outras citas:

- [Lens](#): permite eliminar autocitas
- [OpenCitations](#)
- [Google Académico](#)
- [Google Books](#)
- Outras que poidamos coñecer directamente

Non inclúen citación normalizada nin percentil.

Impacto científico

Contexto de citación


Revisar as citas e destacar as que son máis relevantes:

- Por autoría, revista ou institución relevante
- Interdisciplinariade: se as citas proceden de revistas de ámbitos diferentes
- Variedade de institucións, países ou idiomas citantes

Impacto científico

Monografías e capítulos:


- **Uso: presencia en bibliotecas:** [Worldcat](#) e [Rebiun](#)
- **Impacto científico: reseñas**
- Citas e citación normalizada: WOS, Scopus, Dialnet, Dimensions
- Outras citas: Lens, Google Scholar, outros...
- Citación en contexto



Impacto científico

Calidade do medio: revista

- Bases de datos nas que está indexada (implica que cumpre requisitos de calidade esixidos): [MIAR](#)
- Presenza en relacións de revistas seleccionadas pola súa calidade ([DOAJ](#), [Latindex](#), [ERIH Plus](#))
- Selo de calidade ([FECYT](#))



Impacto científico


Calidade do medio: revista

- Outros requisitos recollidos no documento de criterios:
 - Comités expertos
 - Revisión por pares
 - Instrucións aos autores
 - Tradución sumarios, títulos, palabras clave e resumos ao inglés
 - Periodicidade regular
 - Porcentaxe de artigos de investigación (>75%)

Impacto científico

Calidade do medio: editorial


- Prestixio da editorial no ámbito (premios)
- Bases de datos nas que está indexada (implica que cumpre requisitos de calidade esixidos): [Master Book List](#) de WOS, [Sources](#) en Scopus.
- Presenza en directorios de editoriais de calidade ([DOAB](#))
- Selo de calidade ([CEA-APQ](#))



Impacto científico

Calidade do medio: editorial

- Outros requisitos recollidos no documento de criterios:
 - Comités expertos
 - Revisión por pares
 - Instrucións aos autores
 - Coleccións importantes no ámbito



Impacto científico


Impacto científico do medio: revistas

- [JCR](#): cuartil, posición e percentil
- [SJR](#): cuartil e posición
- [Scopus CiteScore](#): posición e percentil
- [JCI](#) (dentro de JCR): cuartil, posición e percentil
- [Dialnet](#): cuartil e posición
- [Fecyt](#): posición e cuartil

Outros índices de revistas ([Carhus](#), [Anvur](#), [CIRC...](#))


Impacto científico

Impacto científico do medio: editorial



- [Ie-CSIC](#): Nivel alto, medio ou baixo
- [SPI](#) (só en caso de necesidade): posición xeral e na disciplina


Programa



- Sexenios 2024: novedades e baremo
- Impacto científico
- **Impacto social**
- Contribución á ciencia aberta
- Exemplos


Impacto social

- Presenza en medios non académicos: prensa, tv...
- Uso en políticas públicas
- Citas en patentes e medios non académicos (Wikipedia, blogues, informes...)
- Uso e lectura en medios non académicos (redes sociais)




Impacto social

- **Lens:** citas en patentes
- **PlumX** (desde Scopus): lecturas en Mendeley, presencia en redes sociais, usos en políticas públicas (Overton)...
- **Altmetric** (desde Dimensions e Investigo): citas en blogues, redes sociais, patentes, Wikipedia, políticas públicas... Indicador Attention Score e percentil en función deste indicador.




Programa



- Sexenios 2024: novedades e baremo
- Impacto científico
- Impacto social
- **Contribución á ciencia aberta**
- Exemplos

Contribución á ciencia aberta


- Publicación en acceso aberto (preferentemente ruta diamante)
- Depósito nun repositorio institucional (Investigo), temático ou xeneralista, en acceso aberto
- Software libre, datos en acceso aberto...
- Investigación en colaboración ou con financiación de institucións sociais (ONG...)



Contribución á ciencia aberta

Importante!!


- Depósito nun repositorio, ademais de estar publicado en acceso aberto
- Pode estar depositado en calquera repositorio pero preferiblemente institucional ([Investigo](#))
- Se está en máis dun repositorio, engadímolo
- Engadir a url de acceso a ese documento nos repositorios para facilitar a comprobación




Contribución á ciencia aberta

Importante!!

- **As redes sociais académicas (Researchgate ou Academia)**
NON SON REPOSITARIOS
- Ten que estar depositado aínda que teña que estar pechado




Programa



- Sexenios 2024: novedades e baremo
- Impacto científico
- Impacto social
- Contribución á ciencia aberta
- **Exemplos**

Exemplos

[Portal de investigación da Universidade de Vigo](#)




Cómpre identificarse ou acceder desde un IP da Universidade de Vigo para ver os **indicadores** bibliométricos.

Permite descargar informes bibliométricos para sexenios.

Calquera problema ou consulta:
portalcientifico@uvigo.gal

Exemplos



Contribución ao progreso do coñecemento

Impacto científico

[Usos]

[Citas recibidas]

[Calidade do medio]

[Impacto do medio]

Impacto social

Contribución á ciencia aberta

Exemplos. Exemplo 1

Contribución ao progreso do coñecemento

Impacto científico

[Usos]

Este artigo está dispoñible en acceso aberto na páxina da revista, onde se contabilizan ata o día 2/1/25 1945 descargas e vistas do texto completo. No repositorio institucional da Universidade de Vigo, ademais, o mesmo día rexistrábanse 203 descargas procedentes de 10 países diferentes (Estados Unidos, Moldavia, España, Alemaña, Francia, China...).

A plataforma Researchgate contabiliza o mesmo día 197 lecturas, 26 citas e 7 recomendacións, cun Research Interest Score de 23,7, que sitúa este artigo por riba do 97% das publicacións de 2022 incluídas nesta plataforma.

Exemplos. Exemplo 1

[Citas recibidas]

Este artigo está indexado en WOS, que recolle 21 citas (sen autocitas). A citación normalizada en WOS (CNCI) é 5,88 (o que indica que recibiu case 6 veces a media das citas recibidas polos artigos do mesmo ámbito e ano) e sitúa o artigo no percentil 97,84 (máis citas que case o 98% de artigos do mesmo ano e categoría).

Scopus recolle 23 citas, que sitúan o artigo nun percentil 97 (no top 3% dos máis citados do seu ano e ámbito) e cun impacto normalizado de 5,04 (FWCI).

Dimensions recolle 23 citas e un índice de citación normalizado (FCR) de 19,34, o que supón que está moi riba dos artigos similares do mesmo ano nesta base de datos.

[revisar as citas e mencionar algunha destacada, se o consideramos oportuno]

Exemplos. Exemplo 1

[Calidade do medio]

A revista *Mathematical Methods in the Applied Sciences*, da editorial Wiley, cumpre todos os requisitos de calidade esixidos para estar indexada en bases de datos multidisciplinares como WOS, Scopus e Academic Search Ultimate (EBSCO), e noutras bases de datos especializadas: Advanced Technologies & Aerospace Database (ProQuest), Applied Science & Technology Source Ultimate (EBSCO), Compendex (ELSEVIER), INSPEC (The Institution of Engineering and Technology), Materials Science & Engineering Collection (ProQuest), Technology Collection (ProQuest), MathSciNet (American Mathematical Society), zbMATH.

Exemplos. Exemplo 1

[Impacto do medio]

A revista sitúase no Q1 de JCR segundo o seu factor de impacto (JIF), na posición 29 de 267, no percentil 89,3 (D2) das revistas do ámbito Mathematics, Applied.

En Scopus sitúase no primeiro decil das revistas da área Mathematics (all) segundo o indicador Citescore. Tamén se sitúa no Q1 en SJR nas áreas EGINEERING (miscellaneous) (posición 104/482) e Mathematics (miscellaneous) (posición 127-463).

Exemplos. Exemplo 1

Impacto social

[explicar alcance social da investigación, noticias en prensa, entrevistas en medios de comunicación etc., e ademais:]

A publicación deste artigo tivo repercusión no xornal de divulgación científica gCiencia o día 20/4/22 (Matemáticos galegos desenvolven un código que predí a evolución da covid), no xornal Galicia Digital o mesmo día (Xemelgos dixitais ao servizo das pandemias), no portal EsGalicia o día 21/4/22 (Galicia desarrolla tecnología aeroespacial para predecir el avance de pandemias), no xornal La Voz de Galicia o mesmo día (Investigadores gallegos usan el concepto de gemelos digitales para predecir el avance de pandemias) e no mesmo xornal na edición de Ourense o día 25/4/22 (Crean un código capaz de predecir la evolución de una pandemia).

Exemplos. Exemplo 1

Impacto social

A ferramenta Altmetric rexistra 4 citas a este artigo na rede social X e unha noticia en prensa, que lle proporciona un indicador Attention Score de 13, que sitúa este artigo no 6% máis alto das publicacións do mesmo ano e fonte incluídas nesta plataforma e no 14% máis alto comparado con publicación do mesmo ano.

[se algunha das mencións é relevante podémolo indicar aquí]

Exemplos. Exemplo 1

Contribución á ciencia aberta

Este artigo foi publicado en acceso aberto e depositado no repositorio institucional da Universidade de Vigo Investigo (<http://hdl.handle.net/11093/3350>).

Exemplos. Exemplo 2

Contribución ao progreso do coñecemento

Impacto científico

[Usos]

Este capítulo está depositado no repositorio institucional da Universidade de Vigo, **Investigo**, onde se recollen un total de 30 visualizacións (data 3/1/25) procedentes de distintos países (Estados Unidos, Xapón, Arxentina, Singapur, Australia, España...).

A monografía está disponible en 25 bibliotecas de distintos países (España, Estados Unidos, Puierto Rico, El Salvador, Paraguai, Chile e Australia) segundo **Worldcat**, e en 37 bibliotecas universitarias españolas, segundo o catálogo colectivo **Rebiun**.

[Citas recibidas]

Dialnet recolle 4 citas a este capítulo, das que ningunha é autocita, o que lle proporciona un impacto normalizado de 2,38 no ámbito Derecho financiero y tributario. Recibe, polo tanto, o dobre de citas que a media das citas recibidas polos capítulos do mesmo ámbito e ano, e sitúa este capítulo no percentil 88 dese ámbito (ten máis citas que o 88% das publicacións similares).

Exemplos. Exemplo 2

Este impacto normalizado tamén é superior á media nos ámbitos Economía (1,27 e percentil 79) e Derecho (1,06 e percentil 74).

[Incluimos aquí as citas ou as que consideremos máis relevantes e explicamos esa relevancia]

[Calidade do medio]

A editorial La Ley é unha editorial especializada en dereito, de prestixio recoñecido pola comunidade científica española e internacional. No momento da publicación formaba parte da empresa WaltersKluwer, pero actualmente forma parte da editorial Aranzadi La Ley que pertencen ao grupo Karnov xunto con outras editoriais de dereito especializadas e de prestixio internacional, como CISS, Bosch e Civitas.

A editorial cumpre todos os requisitos de calidade esixidos da convocatoria de sexenios (revisión por pares e comunicación motivada da decisión editorial, identificación de comités editoriais, instrucións detalladas a autores/ase conta con coleccións especializadas).

Exemplos. Exemplo 2

[Impacto científico do medio]

A editorial La Ley está incluída no Índice de editoriales do CSIC (ieCSIC), que a sitúa cun valor alto.


Impacto social

[Incluimos entrevistas, noticias en prensa, repercusión en medios non académicos... se as houber]

Contribución á ciencia aberta


O capítulo está depositado no repositorio institucional da Universidade de Vigo, Investigo (<http://hdl.handle.net/11093/6250>)

Consultas



ANECA responde:

<https://ayuda.aneca.es/hc/es>



Consultas

Campus de Ourense

saibco@uvigo.gal

Campus de Pontevedra

refbcp@uvigo.gal

Campus de Vigo

referencia@uvigo.gal

Repositorio Investigo

investigo@uvigo.gal

Sexenios

Revistas científicas: calidad e índices

Indicios de calidad de libros

Indicadores de citación normalizada

Portal da investigación

Repositorio institucional Investigo

BIBLIOGUÍAS

